



## As entidades que recibirán as doazóns

### **Cottolengo do Pai Alegre**

Atendido polas Servidoras de Xesús para servizo das mulleres enfermas incurables máis pobres, levan ofrecendo asistencia en Santiago de Compostela dende o 22 de xullo de 1951. A estas relixiosas no lles está permitido pedir esmola. “Nós necesitamos e Deus provee”, nos dí a nai superiora. Viven do que libremente deciden aportar os doantes que se achegan ata as súas instalacións do Monte do Seixo no barrio do Castiñeiriño.

Levan o nome da obra italiana fundada por San Xosé Benito Cottolengo en Turín (Italia) en 1827. Non obstante, as relixiosas Irmás Servidoras de Xesús do Cottolengo do Pai Alegre no aparecerán ata 1939 cando o xesuíta Jacinto Alegre Pujals funda a congregación.

Actualmente ofrecen espazo para algo menos de 60 mulleres –o Cottolengo compostelán non acepta homes- que atopan entre as súas paredes un dignísimo lugar onde pasar os últimos días das súas vidas rodeadas de cariño e paz. Na actualidade contan cunha decena de menores de idade enfermas e abandonadas.

**¿Que reciben?** No lles está permitido pedir, pero aceptan o que libremente doan as persoas: comida, roupa, diñeiro, mobles, produtos de limpeza, etc.

**¿Onde están?** Rúa do Cottolengo 1-3. Tlf. 981 590995

### **Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela**

Cáritas é unha entidade de acción caritativa e social creada pola Conferencia Episcopal en 1947. Entre os seus obxectivos fundacionais destacan a axuda á promoción humana e ao desenvolvemento integral da dignidade de todas as persoas que se atopan en situación de precariedade e exclusión social. Na súa traxectoria, Cáritas asume un triple compromiso na súa acción social: informar, denunciar e sensibilizar á opinión pública sobre as situacións de pobreza e vulnerabilidade, as súas causas, consecuencias e a posibilidade de participación no cambio.

En toda España existen 68 Cáritas diocesana como a compostelá e logran os seus obxectivos grazas ás achegas de doantes anónimos que colaboran de forma desinteresada cos seus fins humanitarios.

**¿Que reciben?** Todo tipo de útiles que as persoas ás que asisten poidan necesitar: alimentos non perecedoiros, produtos de aseo e limpeza, roupa, calzado, xoguetes, libros, material escolar... Tamén admiten doazóns económicas.

¿Onde están? Carreira do Conde 14. Teléfono: 981 581 542

## **Albergue de transeúntes de Xoán XXIII**

Abriu as súas portas en 1971 como centro de acollida a peregrinos, pero ao pouco converteuse no que é a día de hoxe: un lugar temporal de descanso para os 'sen teito'. Os seus usuarios poden pasar ata un máximo de sete noites no albergue, que é completamente gratuíto. As súas instalacións na rúa de Xoán XXIII contan cunha trintena de camas para homes e mulleres, lavabos, roupeiro, lavandería e unha pequena cociña onde lles serven unha cunca de leite quente e unhas galletas.

Son os irmáns franciscanos quen están á súa fronte facendo memoria do encontro de Francisco de Asís cos leprosos: "E o Señor mesmo levoume en medio de eles, e practiquei con eles a misericordia. E, ao separarme dos mesmos, aquilo que me parecía amargo, tornouse en dozura de alma e corpo".

Actualmente e despois dunha importante reforma, agardan na espera da definitiva licenza de apertura para poder ofrecer este servizo benéfico a todos aqueles transeúntes que ao final da tarde camiñan ata os seus dormitorios en busca dunha ducha quente e unha cama limpa.

¿Que reciben? Doazóns económicas, roupa e calzado, roupa de baño e de cama, produtos de aseo persoal, roupa interior sen estrear.

¿Onde están? Rúa dos Castiñeiros s/n (Lateral da Igrexa de San Francisco). Tlf. 981 581952

## **Cociña Económica das Irmás da Caridade**

Cada día, uns 140 pobres comen cada día no seu comedor da Praza de Irmán Gómez. Esta primavera, o pai Precedo, presidente da Patroal da Cociña Económica daba a coñecer que nos últimos meses, o número de comensais incrementárase nun 50 por cento. Se ben o seu comedor ten capacidade para unhas 80 persoas, nos últimos tempos as relixiosas chegan a atender a unha media de 130-140 persoas. Ao longo dun mes, entre pequenos almorzos, xantares e ceas, as Irmás da Caridade serven máis de 7.000 menús aos máis necesitados.

Lentellas ou sopa; peixe frito ou hamburguesa; un doce ou froita sería o menú dunha xornada ordinaria. O prezo: 80 céntimos. Os pequenos almorzos comezan a servirse ás 9 da mañá, o xantar a partires das 13:00 horas e a cea dende as 20:30 horas. A día de hoxe son once as persoas encargadas do comedor: seis relixiosas, catro empregadas e unha traballadora social.

¿Que reciben? Todo tipo de comida, sexa fresca ou non perecedoira.

¿Onde están? Rúa Travesa 13. Tlf. 981 581028